

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018501	IES Monte Carrasco	Cangas	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	7
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

1. Introducción

Os membros do Departamento de Lingua Galega e Literatura do IES Monte Carrasco de Cangas cremos que a lingua é unha ferramenta que as persoas usamos para organizar o noso pensamento e para comunicarnos en circunstancias e contextos moi diversos. Para facelo do mellor modo posible é necesario que teñamos desenvolvida a nosa competencia comunicativa, é dicir, as capacidades que nos permiten o seu uso oral (comprender e falar) e o seu uso escrito (lectura e escritura) na nosa vida diaria.

As aulas poden ser un poderoso factor que axude a corrixir o feito de que un sector importante da sociedade galega non sexa quen de expresarse con corrección e fluidez na lingua propia do país. A madurez lingüística do alumnado está en estreita relación coa súa maduración a todos os niveis: interpersonal, social, intelectual e mesmo afectivo. Non hai que esquecer que os plans de estudos pretenden conseguir unha formación integral da persoa, formación válida para todas as facetas da vida e para a súa integración nunha sociedade democrática e plural, baseada na tolerancia e no respecto por nós mesmas/os e polos demais. Ao mesmo tempo, a literatura é unha materia que, ademais de ser complementaria canto ao desenvolvemento das aptitudes lingüísticas, pode servir de axuda para desenvolver no alumnado as capacidades de comprensión da realidade, da análise crítica e positiva, de desenvolvemento da creatividade e da sensibilidade artística, da indagación noutras realidades e marcos ideolóxicos e sociais, polo que se lle debe outorgar un papel destacable no currículo.

Consideramos importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc..) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo de aprendizaxe da materia de Lingua e Literatura na ESO basearase en actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos.

A aprendizaxe lingüística e literaria nas aulas non debe orientarse de xeito exclusivo ao coñecemento, case sempre efémero, dos aspectos formais da lingua, senón que eses aspectos deben estar ao servizo da mellora da competencia comunicativa do alumnado. Cómpre orientar esta aprendizaxe á mellora e ao dominio dos diversos usos verbais e non verbais que as persoas utilizamos habitualmente como falantes, oíntes, lectoras/es e escritoras/es de textos de diversa natureza e intención.

Non podemos deixar de sinalar, aínda que se saiba sobradamente, que estas ideas son válidas para a ensinanza e a aprendizaxe de calquera lingua, pero que o son moito máis para unha lingua como a galega, por mor dos problemas sociolingüísticos aos que se ten que enfrontar xa que, na maioría dos casos, o alumnado co que traballamos está lonxe de posuír a competencia necesaria para desenvolverse na nosa lingua con normalidade en situacións cotiás, como poden ser unha conversa espontánea ou a redacción dun texto determinado. E aínda hai que ter en conta que un sector do noso alumnado, sobre todo o que procede de certos ámbitos urbanos, ten escasas oportunidades de desenvolver a súa competencia fóra das aulas ao non atopar un contexto cotián onde o uso do galego sexa habitual. De aí a importancia do ámbito escolar como espazo privilexiado para un uso normalizado da lingua. A anormal situación sociolingüística do galego, moi especialmente no noso centro, lévanos a incidir no papel relevante que deberán desempeñar as nosas clases, tanto na mellora das destrezas lingüísticas como na superación de prexuízos e actitudes negativas e na normalización social da lingua.

Estas consideracións xerais concrétanse, na nosa programación, nunha proposta didáctica que se articula ao redor destas ideas-eixe:

- a) O fomento de actitudes positivas cara á lingua.
- b) O enfoque comunicativo.
- c) A potenciación da práctica oral.
- d) A importancia da lectura.
- e) O papel relevante da escritura.
- f) A adquisición e a depuración sistemática do léxico.
- g) O papel instrumental da morfosintaxe.
- h) Unha atención especial ao feito literario.
- i) A importancia dos medios de comunicación.

CONTEXTO

Instituto que escolariza alumnado dunha única etapa educativa: educación secundaria obrigatoria, procedente dun único centro adscrito, o CEIP San Roque.

Lugar de procedencia do alumnado, amplo e non moi próximo ao centro. Practicamente todo o alumnado se despraza ao centro en autobús.

O instituto está situado nun contorno afastado do centro urbano e con dificultades de transporte para as familias e para o alumnado fóra do horario lectivo.

Dificultades de implicación das familias na educación dos seus fillos/as, tanto pola situación do centro, como por certas problemáticas socio-familiares (que non son diferentes ás que se dan noutros centros do contorno).

Detéctanse varios casos de absentismo escolar.

O profesorado está conformado por un grupo que está estabilizado no centro con destino definitivo e por outro que ten neste centro un destino máis ata conseguir o seu destino desexado.

Existe, na actualidade, un bo ambiente de traballo, tanto entre o profesorado, como co resto da comunidade educativa, alumnado, familias e persoal non docente.

A infraestrutura do centro está en bo estado de conservación e, en xeral, é suficiente para desenvolver as actividades do centro; excepto no tamaño da biblioteca, do salón de actos, da sala de profesorado e do despacho de xefatura de estudos.

Os resultados académicos, tanto por cursos, como por índices de titulación, están mellorando nos últimos anos, especialmente no curso 2020-2021, onde a baixada da ratio de alumnado por aula debido ao protocolo anticovid produciu nunha melloría evidente dos resultados académicos.

O instituto vense especializando nos últimos anos na atención á diversidade (reforzos, desdobramentos, agrupamentos específicos) e na utilización do inglés como lingua de ensinanza en materias non lingüísticas: Bioloxía e Xeoloxía.

Neste curso 2023/2024 contamos con dúas liñas por nivel excepto en 4º ESO, no que hai un grupo de PDC. Polo tanto, a distribución dos grupos será a seguinte: 1º ESO A, 1º ESO B, 2º ESO A, 2º ESO B, 3º ESO A, 3º ESO B, 4º ESO A, 4º ESO B, 4º ESO (PDC). En 2º ESO, na materia de Lingua Galega e Literatura, o alumnado con maiores dificultades nesta materia asistirá a un Agrupamento flexible.

Este curso o Departamento de Lingua Galega e Literatura está formado polas seguintes persoas:

Laura Piñeiro Pais: profesora con destino definitivo no centro.

Inés Rodo Montes: profesora con destino definitivo no centro, Xefa de Departamento e Coordinadora da Biblioteca.

Ademais, o profesor Carlos Camaño Rial, do Departamento de Inglés, impartirá a materia de Lingua Galega e Literatura no Agrupamento flexible de 2º ESO.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A orixe da lingua galega	Nacemento do galego-portugués. Contexto histórico-social. Linguas de substrato e superestrato. Léxico patrimonial, cultismos e semicultismos.	5	5	X		
2	A literatura galego-portuguesa medieval	Introdución á literatura galego-portuguesa medieval. Lírica profana e relixiosa. A prosa. Os cancioneros. As cantigas. Lectura e comentario de cantigas e outros textos medievais. Características da lingua medieval.	5	10	X	X	
3	A corrección lingüística	Principais cuestións ortográficas: acentuación, puntuación, b/v, uso de h, senón/se non... Dúbdas ortográficas da lingua galega. Outras cuestións relacionadas coa corrección lingüística.	10	15	X	X	X
4	A lingua por dentro	Unidades gramaticais e introdución á sintaxe. Análise morfolóxica. A comunicación	20	25	X	X	X
5	Léxico e semántica	Vocabulario e relacións semánticas.	10	10	X	X	X
6	A literatura dos Séculos Escuros e do Rexurdimento	Contexto histórico e social. A historia da lingua deste periodo. Principais contribucións literarias. Rosalía de Castro, Manuel Curos Enríquez e Eduardo Pondal.	10	10		X	X
7	Aprendemos a escribir ben	Técnicas para traballar a expresión escrita	10	10	X	X	X
8	Aprendemos a falar ben	Técnicas para traballar a expresión oral	15	10	X	X	X
9	Aprendemos a ler e a comprender ben	Estratexias de lectura e de comprensión lectora. Traballo con diferentes tipos de textos	15	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A orixe da lingua galega	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Coñece a orixe da lingua galega e a súa relación co portugués. Valora esta relación e recoñece as semellanzas e as diferenzas básicas entre as dúas linguas. Amplía o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	PE	90
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñece a realidade lingüística de España e o estatus do catalán. Aмосa unha actitude de predisposición a entender un texto simple, oral ou escrito, nesta lingua.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.

UD	Título da UD	Duración
2	A literatura galego-portuguesa medieval	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Recoñece os xéneros literarios e as súas principais características. É capaz de entender un texto en relación co seu contexto.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.

UD	Título da UD	Duración
3	A corrección lingüística	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos a nivel lingüístico, discursivo, ortográfico, gramatical e léxico.	PE	30
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os seus textos.	TI	70
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega estratexias de comprensión lectora en base aos seus coñecementos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Reflexiona sobre o uso da llingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A lingua por dentro	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos a nivel lingüístico, discursivo, ortográfico, gramatical e léxico.	PE	20
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora os seus textos.	TI	80
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Desenvolve estratexias de comprensión lectora utilizando os seus coñecementos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Relaciona o propósito comunicativo coas eleccións lingüísticas da persoa emisora e os efectos destas na persoa receptora.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Reflexiona sobre o uso da llingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conexión) - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	Léxico e semántica	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	Incorpora procedementos básicos para enriquecer os textos a nivel lingüístico, discursivo, ortográfico, gramatical e léxico.	PE	20
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Reflexiona sobre o uso da llingua.	TI	80
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e desterra os usos discriminatorios da lingua e dos elementos non verbais da comunicación.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Emprega estratexias de comprensión lectora en base aos seus coñecementos sobre a lingua e o seu uso.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Relaciona o propósito comunicativo coas eleccións lingüísticas da persoa emisora e os efectos destas na persoa receptora.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Reflexiona sobre o uso da llingua.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	A literatura dos Séculos Escuros e do Rexurdimento	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Interpreta e explica as obras literarias relacionándoas co seu contexto sociohistórico.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identifica prexuízos lingüísticos e realiza unha reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	TI	60
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elabora traballos de investigación sobre diversos temas e en diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.

UD	Título da UD	Duración
7	Aprendemos a escribir ben	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planifica a redacción de textos atendendo á situación comunicativa.	TI	100
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Reflexiona sobre o uso seguro das tecnoloxías dixitais.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica prexuízos lingüísticos e realiza unha reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos con intención literaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
8	Aprendemos a falar ben	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza exposicións orais utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa de maneira adecuada en interaccións orais formais e informais.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Adopta hábitos de uso seguro das tecnoloxías dixitais.	TI	100
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica prexuízos lingüísticos e realiza unha reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	Emprega estratexias para a resolución dialogada dos conflitos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.

Contidos

- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).

UD	Título da UD	Duración
9	Aprendemos a ler e a comprender ben	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le autonomamente textos seleccionados.	PE	10
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprende o sentido global dun texto oral e multimodal.	TI	90
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende o sentido global dun texto escrito e multimodal.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Sabe localizar, seleccionar e contrastar información de diferentes fontes.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Reflexiona sobre o uso seguro das tecnoloxías dixitais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Resolve problemas de comprensión lectora empregando coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica usos discriminatorios da lingua e a manipulación da linguaxe.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o sentido global de textos con diferentes propósitos de lectura.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente o contido e a forma dos textos		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia da lectura.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relaciona diferentes textos e manifestacións culturais en función de temas, tópicos e valores éticos e estéticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

Contidos

- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscristas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais

Partir da competencia inicial do alumnado

Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe

Traballo individual e introdución paulatina de distintas técnicas de traballo cooperativo

Uso habitual das TIC nos 4 niveis da ESO, dado que o centro participa no programa E-Dixgal en todos os cursos

Papel facilitador do profesorado

Uso da Biblioteca

Uso de diversas fontes documentais

Actividades coa prensa e outros medios de comunicación

Dedicar algunhas sesións á lectura comprensiva na aula (lectura e comentario de textos de diferente tipo -artigos de xornais, libros de poemas, obras de teatro...)

Traballo sistemático co léxico: actividades sistemáticas de léxico-semántica e de adquisición de vocabulario (definicións, sinónimos, antónimos, campos semánticos, familias léxicas...)

Traballo con textos de diferente tipoloxía

Estratexias metodolóxicas

Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa

Elaboración de sínteses

Análise de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
 Comentarios de textos, gráficos, mapas
 Lectura comprensiva de textos
 Memorización comprensiva
 Creatividade

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais en Edixgal
Fotocopias repartidas na aula de teoría, textos ou actividades.
Libros de lectura obrigatoria e voluntaria

Materiais de diversa índole (textos, audios, vídeos) proporcionados pola profesora e colgados en Edixgal. Poden ser materiais de editoriais de Edixgal ou doutras fontes seleccionados ou creados pola profesora. Contémplase a posibilidade de empregar algún caderno de traballo para practicar contidos morfo-sintácticos, ortográficos ou de vocabulario.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial, prestaremos atención ás catro destrezas comunicativas: comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita. Ademais, avaliaremos outras cuestións lingüísticas como a ortografía, os coñecementos gramaticais, sociolingüísticos ou literarios.

Baixo o criterio de cada profesora ou profesor, empregaremos a observación directa na aula ou probas de distinto tipo, que poderán ser: proba de comprensión oral, que consistirá na audición dun texto axeitado ao nivel. A partir dela, o alumnado deberá demostrar a súa comprensión respondendo a cuestións sobre aspectos desta. A continuación xeraranse cuestións que impliquen emitir unha opinión sobre o tema tratado no texto; proba de comprensión escrita, que consistirá na lectura dun texto e a resposta a preguntas sobre ela; redacción dun texto para comprobar o nivel de expresión escrita ou un breve cuestionario para comprobar os seus coñecementos sobre o funcionamento da lingua, a sociolingüística ou a literatura.

A función desta avaliación será axudarnos a coñecer a diversidade na aula e poder axustar da mellor maneira posible a nosa práctica educativa ao noso alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	20	10	10	10	15	15	100
Proba escrita	90	100	30	20	20	40	0	0	10	24
Táboa de indicadores	10	0	70	80	80	60	100	100	90	76

Criterios de cualificación:

Probas escritas (60%)

mínimo unha proba por avaliación.

penalizaranse os erros ortográficos, gramaticais ou de redacción (-0.1 por cada erro até descontar como máximo un punto sobre cada proba).

Traballos trimestrais e de aula (20%)

nota media do traballo diario na aula (tarefas encomendadas, participación...).

nota media dos traballos trimestrais (individuais, grupais, orais, escritos...).

considerarase o uso oral da lingua: exposicións e interaccións, observación directa na aula.

Obras de lectura (20%)

proba de lectura e/ou traballo creativo.

unha obra de lectura por avaliación.

Lecturas voluntarias: posibilidade de sumar 0.5 puntos por cada obra de lectura voluntaria (escollida dunha listaxe de lecturas optativas). Valoraranse como máximo 2 obras voluntarias por trimestre, co cal é posible aumentar até un punto sobre a nota da avaliación.

A nota final será a media das tres avaliacións. Será necesario obter, como mínimo, un 5 para superar a materia. Terase en conta a evolución positiva do/a alumno/a ao longo do curso.

O alumnado que non acade o 5 ao facer a media das tres avaliacións, realizará unha proba escrita sobre os contidos imprescindibles de todo o curso no mes de xuño.

Asemade, dentro da normal limpeza dos exames, o alumnado que sexa descuberto realizando prácticas inadecuadas, como copiar por calquera método, falsificar exercicios, presentar traballos que non sexan da súa autoría ou calquera outra acción inapropiada e inxusta para co resto de compañeiras e de compañeiros, será sancionado cun desconto de puntos, segundo decisión do profesorado en función da gravidade do caso, podéndose chegar a descontar a nota máxima da proba da que se trate.

As probas escritas empregarán preguntas para valorar os coñecementos adquiridos, elaboración ou comentario de textos de distinta tipoloxía, comentarios literarios e tarefas que se cualificarán mediante rúbricas. Irán encamiñadas en dúas direccións: comprobar os coñecementos adquiridos polo alumnado e comprobar a súa competencia na expresión e na comprensión escrita.

En todos os traballos escritos, terase en conta a corrección ortográfica e morfosintáctica, así como o uso dun léxico axeitado ao nivel e ao rexistro comunicativo e a coherencia e cohesión do texto, de acordo co nivel do que se trate. Os erros ortográficos restarán 0.1 puntos, ata un máximo de 1 punto; pola mala presentación dos exames e traballos poderase descontar ata 0.5 puntos. En calquera caso, será decisión da profesora o xeito de avaliar as faltas ortográficas, morfosintácticas, erros léxicos, etc., que restarán 0.2 puntos no caso de faltas graves, en todo tipo de probas escritas, á marxe das preguntas específicas sobre eses temas sempre sen que a suma destes dous descontos non supere o máximo de 1 punto.

A observación incluírá a observación directa, portfolios ou rexistros de clase. A avaliación dos criterios de avaliación correspondentes ao bloque de comunicación oral poderá incluír audicións e exposicións sobre elas, debates, exposicións orais sobre temas propostos e preparados previamente, participación en conversas improvisadas ou con preparación previa e lecturas.

Todas as probas para as que se fixe un prazo de entrega han de ser presentadas en dita data. A non presentación en tempo e forma implicará a cualificación non presentada.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade o 5 ao facer a media das tres avaliacións, realizará, ao final da 3ª avaliación, unha proba escrita sobre os contidos imprescindibles de todo o curso no mes de xuño.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Tal e como indica o artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o plan de reforzo da materia pendente será elaborado polo profesorado que imparte a materia ao alumno/a no grupo onde estea matriculado/a o alumna/o, baixo as directrices do departamento e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinataria/o. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

Polo tanto, para a superación da materia pendente de cursos anteriores proporcionaremos 3 boletíns de actividades (un por cada trimestre) que faciliten ao alumnado a consecución do grao mínimo esixible para superar a materia. As actividades serán avaliadas polo profesorado que imparta docencia á alumna ou ao alumno en cuestión.

O alumnado deberá entregar estas actividades correctamente feitas dentro do prazo que se lle indique, demostrando que vai acadando o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación do curso.

O alumnado deberá acadar unha nota media mínima de 5 nos tres boletíns para superar a materia. Terase en conta a evolución positiva do/a alumno/a ao longo do curso. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan.

Para o alumnado que non acade o grao mínimo de consecución dos obxectivos a través dos tres boletíns de actividades, realizarase unha única proba escrita na avaliación final onde se avaliarán os criterios de avaliación traballados ao longo do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Actividades de ampliación e/ou reforzo para aqueles casos en que o ritmo difira do conxunto da clase, e que dependerán das necesidades específicas de cada caso. Para iso dispoñemos de actividades de distinto tipo e nivel de dificultade que nos sirvan para incidir sobre aqueles aspectos que resulten máis complicados ou difíciles, ou, noutros casos, que amplíen a información a aqueles alumnos e alumnas que así o demanden.

A Aula de Convivencia, como un recurso máis do centro para atender ao alumnado con problemas na súa conduta, sobre todo os conflitos que se xeran na aula, para evitar a escalada do conflito na aula.

Aplicación do Protocolo para alumnado con TDAH.

Adaptación dos tempos e formatos da realización de probas e tarefas en función das necesidades do alumnado.

Medidas curriculares

Adaptacións Curriculares Significativas para o alumnado que o precise coa axuda do Departamento de Orientación.

Plan de Traballo Individualizado

Atención ao alumnado con materias pendentes como unha medida de atención á diversidade máis.

Apoio por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica, para aquel alumnado que se determine.

Abordarase o traballo na competencia en comunicación lingüística desde tres dimensións:

Falar e escoitar: expresión e comprensión de mensaxes orais en situacións comunicativas diversas.

Ler: comprender e usar textos de diferente tipoloxía: informativos, narrativos, de opinión...

Escribir: compoñer distintos tipos de textos e documentos con intencións comunicativas diversas.

Propostas concretas nas tres dimensións arriba sinaladas:

Falar e escoitar:

Expresar e comprender as ideas, necesidades e sentimentos.

Implicarse activamente nas conversas e adoptar unha actitude dialogante.

Exemplos de actividades:

Presentación pública, por parte do alumnado, dalgunha produción elaborada individualmente ou en grupo.

Debates en grupo sobre un tema coñecido ou preparado de antemán.

Exposición en voz alta dunha argumentación ou opinión persoal.

Ler:

Ler textos de tipoloxía diversa en distintos formatos, tanto papel como dixital.

Traballar as destrezas necesarias para a comprensión do que se le.

Exemplos de actividades:

Facer lectura en voz alta de diversos tipos de textos en diversos formatos, centrándonos especialmente nos narrativos, nos descritivos, nos expositivos e nos argumentativos.

A partir da lectura dun texto, seleccionar cal de entre diversas respostas posibles expresa mellor o que di o texto.

A partir da lectura, indicar que cadro, título, gráfico, etc., é máis acorde co texto.

Estrutura dun texto dado: título, idea principal e secundaria, subliñado, esquemas, resumos, cadros sinópticos...

Escribir:

Ser quen de escribir textos de tipoloxía diversa e en diversos soportes.

Traballar as destrezas para escribir con limpeza e corrección ortográfica.

Compoñer textos libres sobre temas dados.

Compoñer respostas axeitadas e coherentes a preguntas, cuestións...

Facer traballos monográficos, de xeito individual ou colectivo, traballando os aspectos de busca de información, selección da mesma e elaboración do traballo.

Incidir na adquisición de vocabulario, mesmo coa realización de dicionarios personalizados.

Traballarase unha vertente máis pragmática da lingua, sen esquecer aspectos máis formais, que se traballarán máis especificamente noutras medidas como os reforzos e as exencións de francés.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual								X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial							X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Competencia dixital	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X
ET.9 - Creatividade	X

Observacións:

Esta programación contén actividades directamente encamiñadas ao tratamento de temas transversais, como a detección do sexismo na linguaxe, unha actitude crítica fronte a violencia de xénero, adquisición de estratexias pacíficas de resolución de conflitos e de prevención da violencia en calquera das súas manifestacións. Outros valores que traballaremos de maneira activa son: o consumo responsábel (mediante a análise da linguaxe publicitaria, o discurso persuasivo e o poder dos medios de comunicación de masas), o respecto polo medio natural e unha ollada crítica ante a contaminación do planeta (reflexionaremos sobre a pegada ecolóxica e o que cada quen pode facer no seu día a día para diminuíla), a interculturalidade (mediante a valoración positiva da pluralidade lingüística e cultural como expresión da riqueza da humanidade; procurárase achegar o alumnado a outras culturas, especialmente ás do alumnado de fóra que estea na aula), o fortalecemento das capacidades afectivas e a autonomía (fomentando as habilidades sociais e mellorando a autoestima do alumnado), a valoración positiva da diversidade afectivo-sexual (traballarase mediante a empatía, a análise de situacións discriminatorias, etc.), a valoración da lectura como fonte de pracer e enriquecemento intelectual; etc. O fomento destes valores irá encamiñado á erradicación de todo tipo de discriminación por razón de sexo, raza, orientación sexual do desexo, capacidade intelectual ou física, etc. Traballarase mediante dinámicas específicas, fomentárase a reflexión diaria na aula, e analizaranse mensaxes, noticias e publicidade procedente dos diferentes medios de comunicación.

Iniciaremos ao noso alumnado en estratexias de traballo cooperativo e de resolución pacífica de conflitos. Ademais, poremos en marcha círculos reataurativos de maneira periódica, polo menos un por avaliación, coa función de mellorar as relacións interpersoais nos distintos grupos-aula.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nunha actividade sobre José Gil, primeiro cineasta galego	Asistencia a unha charla e documental sobre este cineasta e sesión de minicine con imaxes súas.			
Concurso de contos de medo	Para festexar o Samaín, fomentaremos a participación do noso alumnado no concurso de contos de medo organizado polo noso departamento en colaboración coa Biblioteca e o EDLG.			
Espectáculo Abracadáver, de Dani Blanco	Asistencia, xunto a todo o centro, ao espectáculo Abracadáver no tempo do Samaín.			
Obradoiro de escrita expresiva	Organización dun obradoiro de Escritura Expresiva en colaboración co Departamento de Lingua Castelá e Literatura e a Biblioteca.			
Visita á Casa dos poetas de Celanova	Excursión a Celanova en colaboración cos departamentos de Música e Xeografía e Historia para visitar a Casa dos Poetas, o Mosteiro de Celanova, Vilanova dos Infantes e asistir a un concerto didáctico de órgano barroco.			
Entroido	Elaboración de murgas			
Os Maios	Elaboración de coplas			
Concurso literario Letras Galegas	Participación no concurso literario organizado polo EDLG e a Biblioteca para festexar o Día das Letras Galegas			
Visita dalgún autor ou autora	Estamos en trámites de conseguir a visita de autoras/es de libros de lectura do noso alumnado			

Observacións:

Ademais, participaremos no proxecto de centro de Polos Creativos: das raíces ás estrelas, que trata de pór en valor os coñecementos tradicionais sobre agricultura, artesanía, etc e desenvolver actividades que conciencien sobre a nosa pegada medioambiental.

Partindo de que a LOMLOE promove a aprendizaxe competencial, formulamos un proxecto no que participan de maneira interdisciplinaria as materias de bioloxía e xeoloxía, educación plástica e visual, física e química, lingua castelá, lingua galega, lingua inglesa, matemáticas, música, proxecto competencial e tecnoloxía e dixitalización.

O que se pretende desenvolver son os principios da economía circular dentro do currículo da educación secundaria obrigatoria, fomentando tanto a cultura científico-tecnolóxica como unha visión humanística e artística. Partindo das boas prácticas do centro e da cultura da contorna, o proxecto fomentará o estudo e posta en práctica das técnicas agrícolas tradicionais, técnicas agrícolas ecolóxicas e técnicas agrícolas de explotación. Ao tempo que difundimos prácticas que reducen a pegada da nosa acción sobre a contorna, estudando o funcionamento dunha composteira e a produción de diferentes téxtiles con fibras naturais e materiais reciclados.

O noso departamento participará nas seguintes actividades deste proxecto:

Elaboración de podcasts, cuñas informativas, spots publicitarios e demais produtos radiofónicos a través da radio escolar "Radio Labirinto"

Montaxe audiovisual con escolma de entrevistas e encontros con familiares do alumnado arredor da agricultura tradicional.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
Consegiuse motivar ao alumnado para conseguir a súa actividade intelectual e física?
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado?
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?
Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
Outorgóuselle un peso real á observación do traballo na aula?
Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado dentro do grupo?
Como práctica común fanse explicacións xerais para todo o alumnado
Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas que se tratan na aula?
Combínase o traballo individual e en equipo?
Poténcianse estratexias de comprensión e expresión oral?
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?
Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?

Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das diferentes probas que realiza?
Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das diferentes probas que realiza?
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus erros?
Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... ?

Descrición:

Valoraremos estes indicadores de logro con até 4 puntos: 1 2 3 4 en función do nivel de logro acadado.

Este seguimento farase con periodicidade trimestral e terá como obxectivo a mellora de aspectos de cara ao seguinte trimestre e tamén a final de curso para ter unha visión de conxunto que permita facer as melloras oportunas para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para avaliarmos o cumprimento da programación consideraremos os seguintes elementos: obxectivos, contidos, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación ou as causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA SI/NON PROPOSTAS DE MELLORA

Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.

Existe unha distribución temporal equilibrada.

Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo.

Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.

Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).

A metodoloxía inclúe o traballo por competencias.

Grao de seguimento do alumnado.

Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

Os estándares de aprendizaxe avaliados atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación.

Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer:

- Ao alumnado
- Ás familias

Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

9. Outros apartados